

# ARENKA PARA A XIII ASEMBLEA DA IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

Luís Villares Naveira. Maxistrado.

Prezadas Irmandiñas e Irmandiños; amigas e amigos.

## I. O I CONGRESO DE DEREITO CIVIL DE GALICIA.

23 de outubro de 1972.

Nun ambiente solemne e sacro, alguén ousa dicir:

*“..ten gran significación que queirades abrir oficialmente o Congreso dándolle un posto de honra á lingua do pobo que fixo posible tal Dereito. A lingua é sempre a mellor mostra da potencia creadora do pobo que a fala. Respectala, aínda máis, valorala e agarimala como un dos mellores tesouros que ten a colectividade humana significa eiquí que o voso pensamento está posto con amor nesta belida Galicia á que lle recoñecedes unha ricaz e baril personalidade e á que queredes servir fornecendo as súas peculiares institucións e o seu xeito propio.”*

Para incomodidade do Ministro franquista de Justicia Oriol e Urquijo, que se remexía no banco, a voz proseguiu:

*“O galego como tal ten sufrido moitos desenganos ao longo da súa historia: sinteuse moito tempo humillado polo caciquismo dos señores; veuse marxinado nas súas xustas aspiracións polo centralismo político administrativo e por unha lexislación pensada con criterio uniformista para todo un país esencialmente plural”*

O Capitan General de Galicia e demais séquito fascista xa andaban adoecidos, cando a mesma voz arengou:

*“A Galicia temola que erguer entre todos, pero erguela ca palanca de verdade, a da xustiza social e distributiva, da honradez profesional, do altruismo, do traballo pastoral, cultural e técnico. Temola que erguer uníndonos.”*

En realidade, estas son as palabras inaugurais do I Congreso de Dereito Civil de Galicia, pronunciadas na homilía da Santa misa polo Coengo da Colexiata da

Coruña **José Mourente Torres**, único con bula suficiente para desafiar desta maneira nos mesmos fuciños (nunca mellor dito, tratándose destes verdadeiros porcos de pé) do máis granado do esmorecente poder ditatorial.

O Congreso de Dereito Civil de Galicia tiña entre os **obxectivos** declarados no limiar das súas actas<sup>1</sup>:

- *“recoller a realidade socioeconómica do País Galego cuxas singularidades específicas son merecedoras dunha normativa xurídica axeitada á mesma”*.

Sabedores da transcendencia do que estaban a facer, o limiar remata dicindo que as súas conclusións *“servirán no futuro para quen queiran facer historia da vida xurídica de Galicia.”*

### **Participantes.**

Presididos por Manuel Iglesias Corral, Decano de avogados da Coruña e organizados por Pedro González Lopez, decano do ICA Lugo, formaron parte do Congreso 97 persoas, dos que só 6 eran mulleres<sup>2</sup>, acorde coa lamentable situación de desigualdade daquel tempo, aínda non completamente superada medio século máis tarde.

Entre eles, destacou o papel de Sebastián Martínez Risco, presidente da RAG e maxistrado, que foi presidente da comisión de estudos. Tomaron parte asemade, entre outros:

- Gonzalo de la Huerga, Vicepresidente primeiro da Sección Cuarta, maxistrado, e coautor da Primeira sentenza ditada en galego 1985 logo de 500 anos de opresión;
- Nemesio Barxa, que xa en 1968 fora avogado dos labregos de Castrelo de Miño afectados polo encoro de Fenosa e posteriormente se implicaría en temas de montes veciñais, ou da cota empresarial agraria;

---

<sup>1</sup> poñer as bases da **nonnata** revisión da Compilación de Dereito civil de Galicia de 1963, prevista para o 1973, e que non tería lugar con plenitude ata a Lei 4/1995 do Parlamento de Galicia; e

<sup>2</sup> Mulleres no Congreso (6): No comité de relacións públicas e actos sociais: Amalia Fernández Rivera, Sagrario Liaño Pedreira e Mercedes suarez Díaz, avogadO e a secretaria do comité. Colaboradores especiais: Isabel Martínez Barbeito, doutara en filiosfia e letras; Julia Ferández e Antonia López, auxiliares doc CC de avogados e procuradores.

- O petrucio da cultura galega D. Ramón Otero Pedraio;
- o Profesor Xosé Manuel Beiras Torrado, que hoxe nos honra coa súa presenza, autor naquel mesmo ano do icónico ensaio “*O Atraso económico de Galiza*”, xurista, economista e o pensador máis influínte do nacionalismo galego da segunda metade do século XX, voz autorizada dos proxectos altermundistas do albor do século XXI e berro incansable da rebeldía democrática no noso País.
- ou o daquela incipiente avogado Andrés Salgueiro Armada, ao que me referirei máis adiante.

### **Contidos do Congreso.**

En canto aos seus contidos, destacarei algúns aspectos que aínda vistos cos ollos de hoxe seguen a ser de plena actualidade, así que imaxinade hai cincuenta anos:

En primeiro lugar, en relación á loita pola igualdade xurídica da muller, reclámase, na regulación da Compañía Familiar Galega, avanzar na declaración da Compilación de 1963, que xa dicía que “*a muller casada ten personalidade propia e é con relación á compañía, de condición igual ao marido*”. Dende esa declaración, Cabanas Rodríguez e Barxa reclamaron unha igualdade plena para sintonizar co espírito da ONU de 1967 na recomendación aos gobernos para garantir a igualdade do home e da muller no exercicio dos dereitos e deberes<sup>3</sup>.

Doutra banda, Celestino Pardo fixo achegas notables sobre as parzarías e outras formas de mobilización de terras agrarias (aínda hoxe estamos implantando o Banco de Terras), e Martínez-Risco sobre a tenza e explotación da terra comunal; ou Varela Fraga, que achegou elementos para un contrato de compravenda de gando en Galicia adaptado á nosa realidade rural.

Pola súa banda, Beiras disertou sobre o cooperativismo como sistema de produción e a súa proxección sobre a realidade agraria galega, e demostrou como a normativa

---

<sup>3</sup>Con este gallo, Barxa denunciou a oportunidade perdida que supuña non actualizar a Compañía Familiar Galega, proponendo superar o seu carácter agrario para atender a novas realidades como a dos membros desa unidade que foran traballar na industria ás cidades, permitindo chegar un traballo non agrario, senón industrial, mantendo igualmente a institución como núcleo de solidariedade da nosa estrutura social.

española casaba mal coa nosa realidade socioeconómica, propoñendo unhas bases para unha normativa específica galega que foron asumidas polo Congreso<sup>4</sup>.

No eido específico da **lingua** foron notorias as contribucións de:

- José Luís Fontenla Rodríguez a respecto do uso do galego e a necesidade da súa cooficialidade,
- e a de Nemesio Barxa, que postulou a necesidade, no eido xudicial de que as actuacións orais e escritas fosen en galego, *para que se entendan!* Pois, indicaba *“3/4 partes dos galegos falan galego: polo tanto, os escritos xuridiciais, e e interrogatorios in voce deben ser en galego.”* (quen nolo dera hoxe!)

Dos relatorios presentados ao congreso, arredor do 25% foron presentados na nosa lingua, o que nos dá unha idea da efervescencia e vontade democrática de cambio que vivía Galicia nos anos setenta, vontade de cambio que se proxectaba nos dous elementos clásicos que definiron a nación: **a súa lingua e o seu dereito**, os seus, creados ambos polo Pobo galego e que segundo esta xeración de xuristas debían ser protagonistas da vida pública.

Por iso hoxe, Irmandiñas e Irmandiños, este acto non é só un memorial do pasado<sup>5</sup>, senón un compromiso de presente, cos valores democráticos, entre os que non pode deixar de estar o uso da lingua e a reivindicación dun dereito galego útil ás maiorías sociais, que ensanche dereitos e facilite o benestar da xente.

As leis crean condicións de igualdade formal, pero as institucións manteñen a desigualdade material. As queixas son coñecidas:

- desgaleguización do ensino, que é unha fábrica de castelanización dos nenos e nenas que entran falando galego;
- o seu correlativo universitario, con honrosas e minoritarias excepcións;
- e logo a carencia dun entorno que facilite esa labor, e mesmo a presión en sentido contrario; coa meirande parte dos servizos xurídicos das

---

<sup>4</sup> Menéndez Valdés presentou todo un tratado sobre a renovación do DCG, cunhas provocadoras conclusións, onde con retransa se preguntaba como era iso de que os da cidade dixesen dende a cidade que había que ir vivir ao campo, tratándose dos mesmos que marcharan del. Quería evidenciar que sen unha modernización da estrutura produtiva, a renovación social e as institucións xurídicas, a vida no rural resultaba inviable.

Pedro González reivindicou unha cátedra de Dereito Civil de Galicia que aínda tardaría 25 anos en chegar.

<sup>5</sup>Un país sen memoria histórica será sempre vítima dunha eiva ou servo dun tangaño, escorado nun caso e mirrado no outro (XL Franco Grande).

administracións local e autonómica traballando en castelán, e con aplicacións informáticas impostas que sistematicamente nos manteñen no apartheid lingüístico na nosa casa.

O tempo de dar pasos adiante segue sendo este. Facede as demandas en galego, traducide as citas de textos legais e xurisprudenciais, esixide as notificacións dos procedementos en galego; non vos apeedes da lingua! Aínda que vos leve máis tempo: demostrádelles que non temos medo!

Abonda invocar o art. 7.2. LNL e o 15.1. LPAC!

Valla como exemplo de eficacia desta arenga a STSXG nº 236/2022, do Contencioso, que nun caso de recadación tributaria onde non se respectou a escolla lingüística do cidadán, anula todo o procedemento de recadación porque *“É a Administración a que ten que artellar os mecanismos (..) que permitan facer efectivo o dereito de escolla lingüística”* concluíndo que *“a súa proxección no procedemento (..) tradúcese na suspensión do prazo (..) mentres non se notifique a providencia de constrinximento no idioma escollido”*.

E falando de exemplos, permitídemme que vos fale de

## II. ANDRÉS SALGUEIRO ARMADA

Que comezou o exercicio da profesión de avogado de man do egrexio Sebastián Martínez-Risco; e do histórico galeguista Marino Dónega.

Este mestrado de mocidade prodúcese no contexto da Galicia tardofranquista, onde as loitas obreiras do Ferrol, non do Caudillo, senón o Ferrol obreiro de Daniel Niebla e Amador Rey, asasinados pola policía, marcarán os seus inicios na avogacía. Non en van, Andrés comezou a súa andaina neste tempo como avogado laboralista, das clases traballadoras que pedían pan e democracia, compartindo local coas comisións obreiras e cáritas diocesana.

Con estes alicerces non é de estrañar que en 1976 Salgueiro se comprometese na defensa da cidadanía labrega fronte o espolio de Fenosa nas **Encrobas**. Avogado da *Comisión da Xente do arado*, Andrés lembra no fermoso documental de Bocixa Rei titulado *“As Encrobas: a ceo aberto”* como fronte uns negociadores foráneos e señoritos, a lingua e a lóxica do paisano se impuxeron e resistiron na defensa da

terra, unha defensa que máis que atávica era, por riba de todo, cidadá. Neste documental Andrés reivindica o papel das mulleres, tantas veces silenciadas, que foron quen puxeron os seus corpos e con resistencia meduliana impediron o acceso da garda civil e enxeñeiros para a toma de posesión dos terreos<sup>6</sup>.

Este compromiso social e político, como militante do PSG e o POGA<sup>7</sup>, tivo un transunto xurídico na súa **práctica lingüística**, pois foi un dos primeiros avogados, di a lenda que o primeiro, en presentar as súas demandas en lingua galega. Se aínda hoxe a diglosia e os atrancos institucionais impiden o traballo normal en galego, imaxinemos o desafío que supuña a un aparato xudicial aínda franquista o aire fresco da democracia feito *verbo e verba*.

Ese compromiso incesante coa lingua mantívose como exemplo ao longo da súa carreira profesional, volcada de forma intensa sobre o urbanismo a través da súa colaboración como avogado do Colexio de arquitectos da Coruña durante máis de tres décadas.

Non é así de estrañar que cando en 1997 o noso compañeiro Pablo No comezou a traballar con Andrés vise nel un modelo a seguir, tanto na excelencia profesional, como no uso do galego na vida xurídica, sen límites nin complexos.

Por toda unha vida de traballo e compromiso galeguista, en nome da Irmandade Xurídica Galega, Grazas Andrés.

### III. USC e ANTONIO LÓPEZ.

A IXUGA quere tamén recoñecer este ano coa súa medalla de Ouro o papel da Universidade de Santiago de Compostela na (re)galeguización da sociedade galega, a través da lingua nos seus usos cotiás, no científico, no humanístico, no académico e no cultural. Igualmente, recoñece con ela a traxectoria e compromiso na defensa e uso da lingua galega do seu Reitor Magnífico D. Antonio López Díaz.

Malia termos universidade dende 1495, dereito propio e lingua de noso dende hai case un milenio, non foi ata o día 16 de setembro de 1915 cando se deu a primeira lección en galego na USC<sup>8</sup>.

---

<sup>6</sup> Na retina de todos están as sobranceiras fotos de Xosé Castro, pero unha vez máis os nomes delas afogaron no esquezno e velaí aí a necesidade da reivindicación que fai Andrés.

<sup>7</sup> onde participou con Camilo Nogueira dos traballos do Estatuto dos Dezaseis.

<sup>8</sup> A Universidade de Santiago de Compostela é un referente na educación de Galicia dende 1495, e non en van o claustro da reitoría que nos acolle contén o emblema máis fermoso que se pode dicir dun país, *Gallaecia fulget*, un país que brilla, que *pon en fuga as tebras* por medio da educación, ao alcance de todas e de todos, para que os *estudiosos podan*

**Luis Porteiro** Garea foi o xurista e intelectual galeguista encargado desta clase no Paraninfo da Universidade.

Seguiría o seu exemplo como profesor auxiliar da Facultade de Dereito Lois Peña Novo, cofundador das Irmandades da Fala<sup>9</sup>, quen promoveu o primeiro estatus de oficialidade do galego na administración municipal <sup>10</sup>.

Se nos anos dez a USC fora vangarda lingüística e de xénero, coa incorporación en 1913 de Elisa e Ximena Fernández de la Vega ás aulas, esnaquizada a época democrática dos 30, a universidade galega volveu ser expoñente dos ventos de cambio democrático tempo despois.

Así o Marzo do 68 compostelán, anterior en dous meses ao maio francés, viviu unha verdadeira primavera de liberdade, de xustiza social, que agromaba entre os adoquíns da universidade rachando coa *longa noite de pedra* da que se laiaba Celso Emilio Ferreiro. Nestas loitas, a lingua galega ocupaba un papel principal ao ser identificada como a lingua da **reivindicación**, que non volvería perder nunca no imaxinario colectivo galego.

A día de hoxe, a normalización da lingua na USC no entando non deixa de ser unha asignatura pendente na globalidade das aulas, síntoma dunha anormalidade social onde o galego na práctica segue sendo unha lingua de segunda.

Neste contexto, a súa potenciación pola USC é unha constante dende o inicio da etapa democrática, dando a entender que o galego non ten cancelas, e facendo retroceder complexos impostos no pasado.

Malia estes esforzos, adoecemos aínda hoxe dunha investigación e docencia maioritariamente en galego, e a propia USC tivo que crear o premio 'Luís Porteiro Garea' para recoñecer a promoción e o uso do galego na universidade, que foi entregado, na súa segunda edición, ao noso Irmandiño de Honra ao Profesor Gómez Segade, que hoxe nos acompaña<sup>11</sup>.

---

*aprender sen gastos.*

<sup>9</sup>quen fixo ondear por vez primeira a bandeira galega nun edificio oficial na idade moderna nos anos vinte, no Concello da Coruña, e

<sup>10</sup>Estes pasos foron seguidos nos anos trinta polo tamén xurista **Lois Tobío** nas áreas de Historia do Dereito e Dereito Romano, nun contexto en que a institución acubillaba aos intelectuais que en paralelo e dende os anos 20, dende as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos clamaban pola galeguización da institución, como servidora intelectual de Galicia.

<sup>11</sup> Ogallá non fixesen falla nin eses premios nin esta Irmandade, que xorde pola vontade colectiva de construír unha memoria colectiva e sistemática do galeguismo xurídico e do activismo polo uso normal do galego no tráfico xurídico de Galicia, e recoñecermonos a nós mesmos como parte dun equipo, que porta os máis altos valores morais, que son os valores democráticos cifrados no uso e dignificación da lingua que nace da sociedade á que servimos.

Chegados a este punto, debemos recoñecer a traxectoria do **Reitor D. Antonio López Díaz**, profesor de Dereito Financeiro e Tributario, elixido en 2005 decano da Facultade de Dereito, cargo no que permaneceu ata que en 2007 foi elixido conselleiro de Contas, institución que presidiu ata 2010, ano no que volveu á docencia ata que en 2018 foi elixido Reitor da USC. Dende cada unha destas institucións, Antonio deu exemplo de militancia na lingua no seu uso persoal e na promoción institucional.

Un compromiso que sabemos que terá continuidade tanto no estímulo á incorporación de máis profesorado ás aulas en galego, como no fornecemento de ferramentas para que o o estudiantado da facultade de Dereito e da Escola de práctica xurídica teña a destreza suficiente para poder desenvolver actuacións orais e escritas na nosa lingua.

E neste punto, non podo deixar de pasar a oportunidade de lembrar, como estudante da USC, a miña propia experiencia con D. Antonio<sup>12</sup>, xa que de 27 asignaturas, a súa foi unha das únicas 4 que recibín en galego.

Con el aprendín non só que o galego valía para as contas, senón que o ciclo orzamentario podería ser comprensible para calquera mortal e que en realidade o estado social se xogaba nese árido trámite parlamentario (agora que non escoita ninguén: quen me diría a min que case vinte anos despois botaría man deses apuntes para facer emendas no Parlamento de Galicia!).

En fin, unha noite atopeime con Antonio no Fogar do Santiso, ceando un churrasco igual cá min, e bromeando os dous dixemos: canto mellor era facer aquí a cea de licenciatura e non neses sitios de gran luxo!

Pero para os meus adentros, ademais pensei, ao velo alí, como un máis, no meu mesmo ambiente de festa, galeguista e comprometido socialmente .. *que bo reitor faría este home!*

E o tempo, e a xente, puxeron no seu lugar.

Dixen.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2022.

---

<sup>12</sup>Ao longo de 27 asignaturas cursadas só tiveron catro en galego, Mercantil I co Prof. Botana Agra, Mercantil II co Mestre Gómez Segade, Administrativo I con Prof. Ferreira Fernández e Financeiro co Sr. Reitor.